COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 1/2027
Solicitante: Abel Estévez Carrera

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo adestrador do Club Balonmán Porriño, en data 29/10/2026, no que solicita a reconsideración da resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición; esta parte manifesta

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2627/10 acorda sancionar ao adestrador Abel Estévez Carrera do INDUPOR BM Porriño coa suspensión de catro encontros.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo adestrador mediante recurso, presentado en tempo.

Solicita a reconsideración negando a desobediencia, recoñecendo parcialmente os feitos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Falta de forma.

Este Comité entra a resolver coma un recurso o presente xa que polo emitente pagouse a taxa de recurso e por tanto enténdese que a súa vontade é a interposición do mesmo, actuando no seu beneficio por ser o máis garantista.

Sen embargo no propio escrito non se solicita en concreto ningunha medida: reducción ou suspensión da sanción; nin se xustifica a infracción de ningún precepto.

Pídese unha reconsideración, cousa que se pode "entender en senso amplo" como un revisión íntegra: da norma aplicable e a modulación da sanción polo recoñecemento dos feitos parcialmente.

Dito isto, faise unha revisión íntegra, non procede a cautelar (non solicitada) porque se resolve neste mesmo acto.

SEGUNDO.- Proba en contra da resolución recorrida. Validez da acta arbitral.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

"os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocurran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos"

"A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifiesto ou probado po los órganos competentes."

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle e a sanción se deriva de que ésta.

Aínda así, o propio recorrente recoñece terse dirixido en malas formas aos colexiados durante o encontro: como impresentables, e despois da expulsion reiterando que se sentaría donde lle dese a gana.

Se ben alega que non se senta no palco e non existe desobediencia, cousa que avala cos pantallazos da grabacion; cabe dicir que isto pode ter importancia para o adestrador, deixando constancia de que non sucedeu pero a efectos disciplinarios é irrelevante porque o que se aplica por parte do Comité é o artigo 33 c) do DDRG (en relación co 35 que o fai aplicable para o adestrador), e non se sanciona por desobedecer, nin se agraba a sanción por iso, senón que a mera incorrección e a falta de respeto supoñen unha infracción grave.

Pode entender o Comité de Apelación que se pretenda unha reducción por non revistir a falta de respeto tan grave como se describe na acta, pero o certo é que a resolución refirese sólo a falta de respeto con relevancia para o encontro, e o principal aplica a pena mínima para esos feitos: 4 encontros. Esta parte modularía a imposición da sanción a mínimo, pero xa non se pode ir máis aló, xa que unha resolución por debaixo da norma é ilegal.

Tendo validez a acta, non sendo ésta rebatida polo recorrente, que sí fai un esforzo probatorio no tocante á desobediencia, recoñecendo éste a falta de consideración, dirixirse aos colexiados como impresentables, gritarlles e desafiar alegando que fará o que lle dá a gana, supoñendo isto a paralización do encontro (independientemente de que fóse pouco tempo o transcurrido entre a tarxeta a azul (que non é o comezo da infracción, senón prácticamente o desenlace) e a reanudación do encontro) supón a correcta aplicación do Comité de competición do artigo 33c) e por tanto a aplicación das sancións, a lo menos no mínimo legal, que non é outro que 4 encontros.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto por don Abel Estévez Carrera contra a Resolución 2627/10 do Comité Territorial de Competición, CONFIRMANDO a devandita resolución na súa totalidade.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

GONZALEZ SOLLA LAURA - 35578311W

Firmado digitalmente por GONZALEZ SOLLA LAURA - 35578311W
Fecha: 2026.11.04 13:14:19 +01'00'

Vigo, 4 de novembro de 2026
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla